



CONCELLO DE OURENSE
SECRETARIA XERAL DO PLENO

O Concello Pleno en sesión ordinaria do día 6 de outubro do ano 2017 adoptou, entre outros, o seguinte ACORDO:

4.10 Modificación orzamentaria 5PBis/2017, utilizando a figura dos créditos extraordinarios. (expte. Núm. 2017027326). Aprobación provisional.

Por unanimidade dos asistentes, ratifícase a inclusión na orde do día do asunto sen estar ditaminado pola Comisión de Pleno.

O Secretario dá conta que na Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria urxente do día 2 de outubro de 2017 adoptou, entre outros, o seguinte acordo: Aprobar o proxecto de modificación orzamentaria 5PBis/2017, utilizando a figura dos créditos extraordinarios, por importe de 264.000,00 €.

Asemade, dá conta da proposta da concelleira delegada de Facenda, de 3 de outubro de 2017, que se somete a votación.

O Pleno do Concello, por dezaioito votos a favor do Grupo Municipal do Partido Popular e de Democracia Ourensana, adoptou o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente o expediente de modificación orzamentaria 5PBis/2017, utilizando a figura dos créditos extraordinarios, de acordo co seguinte contido:

Créditos extraordinarios

Créditos extraordinarios que se dotan:

Código	Descrición	Importe	Financiamento
N150.2318.48011	Convenio con Cáritas. Comedor social	125.000,00	Rte. Tes. Gtos. X.
N150.2318.48918	Convenio Asoc. enfermos de Alzheimer	25.000,00	Rte. Tes. Gtos. X.
N150.2318.48922	Convenio con Banco de alimentos	15.000,00	Rte. Tes. Gtos. X.
N150.2318.48923	Conv. Asociación Persoas con discapacidade ADO	15.000,00	Rte. Tes. Gtos. X.
N150.3120.48910	Convenio Atox	25.000,00	Rte. Tes. Gtos. X.
N150.3120.48921	Convenio con proxecto Home	25.000,00	Rte. Tes. Gtos. X.
N150.3120.48926	Convenio con Comité cidadán antisida	25.000,00	Rte. Tes. Gtos. X.
N210.3370.48942	Convenio con Amencer: campamento urbán	9.000,00	Rte. Tes. Gtos. X.
Total créditos extraordinarios		264.000,00 €	

Financiamento dos créditos extraordinarios:

Modificación do Estado de Ingresos

Código	Descrición	Importe
87000	Rmte. de Tesourería para Gtos. Xerais	264.000,00

Total financiamento créditos extraordinarios 264.000,00 €

Total Modificación Orzamentaria 264.000,00 €

Segundo.- Que este expediente de modificación de créditos, que se aproba inicialmente, sexa exposto ao público polo prazo de quince días hábiles, logo do anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de anuncios da Corporación Municipal, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar as reclamacións que estimen oportunas, en cumprimento do disposto no artigo 177, en relación co 169.1 do Real Decreto Legislativo 02/2007, do 05 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Terceiro.- Este expediente de modificación de créditos considerárase definitivamente aprobado, de conformidade cos artigos citados no apartado anterior, se durante o citado período non se presentaran reclamacións.

Para unir ao expediente da súa razón, expídese o presente coa advertencia e salvedade á que se refire o artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades Locais de 28 de novembro de 1986, isto é, a reserva dos termos da aprobación da acta definitiva.

Ourense, 9 de outubro de 2017

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,



[Handwritten signature]

Asdo: Luís María Bermúdez de la Puente Villalba